

**materia**

Lingüística II

unidade didáctica 3

# Linguaxe, mente e cerebro

Montserrat Souto Gómez

Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral  
Facultade de Humanidades



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

**titulación**

Grao en Lingua e Literatura Españolas





unidade didáctica 3

# Linguaxe, mente e cerebro

Montserrat Souto Gómez  
Departamento de Literatura Española, Teoría  
da Literatura e Lingüística Xeral  
Facultade de Humanidades



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura  
e Formación Continua da  
Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 2098-2011

**ISBN** 978-84-9887-734-2

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

## **MATERIA: Lingüística II**

### **TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Españolas**

#### **PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

#### **Unidade I. Diversidade lingüística e procesamento das linguas**

1. Unidade e variedade das linguas
  - 1.1. Homoxeneidade da linguaxe e diversidade dos usos verbais
  - 1.2. Factores de variación lingüística
2. Variación no plano social das linguas
  - 2.1. Diversidade idiomática e variedades dialectais
  - 2.2. Redes sociocomunicativas e variación lingüística
3. Variación no plano neuropsicolóxico dos usuarios
  - 3.1. Capacidade lingüística e habilidades verbais
  - 3.2. Diversidade de procesamento verbal e tipos de lingua

#### **Unidade II. Diversidade lingüística e linguas do mundo**

1. As linguas arredor do mundo. Criterios de clasificación
2. Linguas en contexto
  - 2.1. Socioloxía das linguas: actitudes dos falantes
  - 2.2. Linguas de comunicación e linguas de identidade
  - 2.3. Linguas por distancia e linguas por elaboración
3. Aplicacións da Lingüística ao abeiro da diversidade multilingüe
  - 3.1. Políticas lingüísticas
  - 3.2. Linguas e diversidade cultural
  - 3.3. Tradución e globalización
  - 3.4. Planificación do ensino multilingüe
  - 3.5. Industrias das linguas

#### **Unidade III. Linguaxe, mente e cerebro**

1. A adquisición da lingua e a aprendizaxe de linguas
  - 1.1. A adquisición da lingua: capacidade e habilidade
  - 1.2. A aprendizaxe de segundas linguas
  - 1.3. O plurilingüismo desde o punto de vista psicolingüístico
2. Fundamentos biolóxicos da linguaxe
  - 2.1. O aparato bucofonador e o sistema auditivo
  - 2.2. O asento cerebral da linguaxe
3. Os trastornos comunicativos
  - 3.1. Os trastornos da voz
  - 3.2. Os trastornos da fala
  - 3.3. Os trastornos da linguaxe
4. Aplicacións da lingüística en linguaxe, mente e cerebro
  - 4.1. Didáctica de linguas
  - 4.2. Lingüística clínica



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	7
<b>Obxectivos</b> .....	7
1. Obxectivo xeral.....	7
2. Obxectivos específicos.....	8
<b>Metodoloxía</b> .....	8
<b>Contidos</b> .....	10
1. A adquisición da lingua e a aprendizaxe de linguas.....	10
1.1. A adquisición da lingua: capacidade e habilidade....	10
1.2. A aprendizaxe de segundas linguas.....	11
1.3. O plurilingüismo desde o punto de vista psicolingüístico.....	11
2. Fundamentos biolóxicos da linguaxe.....	11
2.1. O aparato bucofonador e o sistema auditivo.....	11
2.2. O asento cerebral da linguaxe.....	11
3. Os trastornos comunicativos.....	12
3.1. Os trastornos da voz.....	12
3.2. Os trastornos da fala.....	12
3.3. Os trastornos da linguaxe.....	13
4. Aplicacións da lingüística en linguaxe, mente e cerebro.....	13
4.1. Didáctica de linguas.....	13
4.2. Lingüística clínica.....	13
<b>Actividades propostas</b> .....	14
1. Comentario de textos.....	14
2. Traballo cooperativo.....	14
3. Comentario de vídeos.....	15
4. Transcrición e análise de mostras de fala infantil.....	16
5. Análise de trastornos comunicativos.....	16
<b>Avaliación da unidade didáctica</b> .....	17
1. Avaliación inicial.....	17
2. Avaliación procesual.....	17
3. Avaliación final.....	18
<b>Anexos</b> .....	19
Anexo I. Textos para comentar.....	19
Anexo II. Cuestionarios sobre os vídeos.....	20
Anexo III. Mostras de trastornos comunicativos.....	21
<b>Referencias</b> .....	22



## PRESENTACIÓN

---

*Linguaxe, mente e cerebro* é a terceira e última unidade didáctica de Lingüística II. Esta é —xunto con Lingüística I— unha materia básica da rama de Artes e Humanidades; ten seis créditos ECTS e pertence á área de coñecemento Lingüística Xeral.

A presente unidade enfócase cara á docencia de Lingüística II no *Grao de Lingua e Literatura Españolas* da Facultade de Humanidades\*. Por tanto, os seus destinatarios son os estudantes de segundo curso de *Español* que estudan no campus de Lugo. Todos eles, aínda que non están obrigados a ter superada a materia Lingüística I (de primeiro curso), tiveron xa no curso anterior unha primeira aproximación aos contidos de Lingüística Xeral, e ás dúas grandes naturezas da linguaxe: a biolóxica —obxecto desta unidade— e a social.

Neste último tema de Lingüística II afondaremos nas principais cuestións relacionadas coa natureza biolóxica da linguaxe: a súa adquisición como lingua materna, o proceso psicolingüístico de aprendizaxe de primeiras e segundas linguas, as características dos individuos plurilingües, os fundamentos biolóxicos da linguaxe, os trastornos da comunicación e, finalmente, as aplicacións da lingüística neste ámbito neuropsicolingüístico.

A necesidade de conxugar teoría e aplicación será unha das constantes desta unidade didáctica, posto que a natureza biolóxica da linguaxe está relacionada con dous grandes problemas reais (como aprender mellor unha lingua? e como resolver un trastorno comunicativo?) que necesitan da Lingüística —xunto con outras áreas de coñecemento— para a súa resolución.

## OBXECTIVOS

---

### 1. Obxectivo xeral

Lingüística I e Lingüística II, as dúas materias básicas de Lingüística Xeral que se ofertan no *Grao en Lingua e Literatura Españolas*, teñen un único obxectivo xeral ao que responden todas e cada unha das súas unidades didácticas, incluída a que nos ocupa.

Este grande obxectivo xeral, seguindo moi de preto a guía docente de Lingüística II, pode enunciarse deste xeito: «adquirir os coñecementos xerais e elementais para abordar, como usuarios reflexivos e curiosos, a análise formal e instrumental das linguas estudadas no grao en Lingua e Literatura Españolas» (Codesido García *et al.* 2011: 4).

---

\* Lingüística II tamén se imparte nas cinco titulacións de grao da Facultade de Filoloxía (*Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas*). De feito, a guía docente que serve de base para esta unidade didáctica foi elaborada conxuntamente polos profesores de Lingüística Xeral que imparten esta materia tanto en Santiago como en Lugo (cf. Codesido García *et al.* 2011).

## 2. Obxectivos específicos

A partir do obxectivo xeral anteriormente enunciado, son obxectivos específicos da presente unidade didáctica que os estudantes adquiren toda unha serie de competencias de carácter conceptual (*saber*), procedemental (*saber facer*) e actitudinal (*saber valorar*).

- Coñecementos
  - observar con detenemento os procesos de adquisición e aprendizaxe de linguas;
  - comprobar a importancia dos aspectos anatómicos e fisiolóxicos que sustentan os procesos de produción e recepción lingüísticos;
  - identificar os distintos tipos de trastornos comunicativos.
- Procedementos
  - transcribir e analizar lingüisticamente gravacións de fala infantil (de 1 a 4 anos) e de fala adulta deficitaria (casos de afasia);
  - avaliar situacións de déficit comunicativo (infantil e adulto) e reflexionar sobre as súas incidencias nas relacións interpersoais.
- Actitudes
  - estar sensibilizado coas necesidades comunicativas das persoas que presentan algunha patoloxía da linguaxe e mostrarlles atención paciente, sen compadecelas.

## **METODOLOXÍA**

---

A unidade desenvolverase ao longo dos meses de novembro, decembro e xaneiro, e terá unha duración presencial de 18 horas, á que lle corresponden 32 horas non presenciais. Calcúlase, pois, un total de 50 horas de traballo do alumnado.

As 18 horas presenciais repártense equitativamente en seis sesións expositivas e outras tantas sesións interactivas, todas elas de hora e media de duración.

A distribución da carga ECTS desta unidade é a que se reflicte na seguinte táboa:

**Táboa 1. Distribución da carga ECTS**

TIPO DE SESIÓNS	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	HORAS TOTAIS
EXPOSITIVAS	9 horas (6 sesións de 90')	18 horas (factor 2)	27 horas
INTERACTIVAS	9 horas (6 sesións de 90')	14 horas (factor 1.5)	23 horas
TOTAL	18 horas	32	50

Como se pode observar, nesta unidade non se programan sesións de titoría presencial, posto que as dúas titorías da materia van ter lugar durante o desenvolvemento dos dous temas anteriores.

O reparto dos contidos e actividades presenciais realizarase tal e como indica o seguinte cronograma:

**Táboa 2. Cronograma**

SEMANAS	SESIÓNS EXPOSITIVAS	SESIÓNS INTERACTIVAS
SEMANA 10	1.1. A adquisición da lingua	Comentario de textos sobre adquisición, aprendizaxe e plurilingüismo
SEMANA 11	1.1. A adquisición da lingua 1.2. A aprendizaxe de segundas linguas	Traballo cooperativo I sobre os fundamentos biolóxicos da linguaxe (grupos de expertos)
SEMANA 12	1.2. A aprendizaxe de segundas linguas 1.3. O plurilingüismo	Traballo cooperativo II sobre os fundamentos biolóxicos da linguaxe (grupos puzzle)
SEMANA 13	3. Os trastornos comunicativos	Comentario de dous vídeos sobre a adquisición da lingua e o sustento biolóxico da linguaxe
SEMANA 14	3. Os trastornos comunicativos	Transcrición e análise de mostras reais de fala infantil
SEMANA 15	4. Aplicacións da lingüística	Descrición e análise —a partir de casos reais— de trastornos comunicativos

A base fundamental das sesións expositivas serán as explicacións da profesora coa axuda de material audiovisual. Pola súa parte, as sesións interactivas consistirán no traballo, tanto individual como en equipo, realizado polo alumnado.

As sesións interactivas das semanas 11 e 12 converteranse nun seminario de aprendizaxe cooperativa no que os propios estudantes prepararán o apartado 2 (Fundamentos biolóxicos da linguaxe). O desenvolvemento deste seminario será descrito na actividade 2 (p. 14).

As 50 horas non presenciais serán dedicadas á realización da única lectura obrigatoria desta unidade (Fernández Pérez 1999: 137-204), e outras lecturas complementarias de interese para os estudantes. Tamén será preciso realizar fóra das horas presenciais a reflexión pausada dos contidos estudados nas sesións expositivas e interactivas. E, finalmente, algunhas das actividades interactivas, por ocupar algo máis de 90 minutos,

terán que ser rematadas fóra da aula (para un maior detalle, cf. *Actividades propostas*, p. 14).

A aula virtual da materia será un instrumento de axuda primordial para a realización das tarefas non presenciais. A aula contará cun módulo de contidos, no que iremos introducindo as diapositivas utilizadas nas sesións expositivas, e un foro de debate no que os estudantes proporán as súas dúbidas para que poidan ser resoltas polos seus compañeiros ou pola profesora.

## **CONTIDOS**

---

Faremos a continuación un pequeno resumo dos diferentes apartados e subapartados da unidade que nos ocupa. Unha visión máis ampla de todas as cuestións que imos tratar neste tema podemos atopala en Fernández Pérez (1999: 137-204). Estas páxinas recollen de xeito breve e preciso os contidos que describiremos a continuación, por iso son de lectura obrigatoria para o noso alumnado. A parte deste traballo, recomendaremos outras lecturas complementarias para as persoas que desexen afondar nalgún aspecto concreto desta unidade.

### **1. A adquisición da lingua e a aprendizaxe de linguas**

Diferenciamos aquí entre o proceso de adquisición da(s) primeira(s) lingua(s) en idade infantil, durante o período crítico para as aprendizaxes lingüísticas, do proceso de aprendizaxe de segundas linguas que se desenvolve ao longo de toda a vida. As características psicolingüísticas dos dous tipos de aprendizaxes son moi diferentes e a elas faremos referencia nos seguintes subapartados.

#### **1.1. A adquisición da lingua: capacidade e habilidade**

Exporemos as tres grandes teorías que explican a adquisición infantil da linguaxe. *innatismo*, *condutismo* e o conxunto de teorías que habitualmente se reúnen baixo o termo *interaccionismo* (cf. Fernández Pérez 1999: 154-156).

Tamén estudaremos as características dos diferentes estadios evolutivos que se poden establecer dentro do proceso de adquisición dunha lingua durante os primeiros seis anos de vida (período crítico).

Para os estudantes interesados en saber máis sobre a adquisición da linguaxe, recomendamos a lectura de Crystal (1987: 227-255), Fernández Pérez (2011) e Tomasello (2003: 323-328).

## **1.2. A aprendizaxe de segundas linguas**

En contraposición coa adquisición de primeiras linguas, exporemos o concepto de aprendizaxe de segundas linguas. Moi brevemente faremos referencia aos modelos psicolingüísticos que explican ambos os dous procesos e que xustifican toda unha serie de recursos para mellorar a aprendizaxe de segundas linguas.

Lecturas complementarias: Pastor Cesteros (2004), Siguán (2001: 91-108) e Vez Jeremías (2000).

## **1.3. O plurilingüismo desde o punto de vista psicolingüístico**

Tendo en conta que a maioría dos individuos do mundo somos plurilingües (polo menos bilingües), imos estudar as características psicolingüísticas de todo individuo que domina máis dunha lingua. Tamén moi brevemente, observaremos modelos neurolingüísticos que tentan explicar que fenómenos ocorren no cerebro dun individuo plurilingüe.

Pode resultar interesante completar o visto na aula con dúas lecturas breves: López García (1991: 87-100) e Siguán (2001: 61-89).

## **2. Fundamentos biolóxicos da linguaxe**

A posta en práctica da nosa capacidade lingüística na comunicación (falar, escoitar, ler e escribir) é unha actividade complexa porque implica a utilización simultánea de múltiples recursos do noso organismo. No seminario de aprendizaxe cooperativa serán os propios estudantes os que chegarán a describir todo este proceso coa axuda de diversos manuais, artigos e páxinas web (cf. Actividade 2, p. 14). Os contidos divídense en dous grandes subapartados:

### **2.1. O aparato bucofonador e o sistema auditivo**

Os alumnos que preparen estes contidos centrarán o seu interese na comunicación oral, sen esquecer a comunicación xestual propia das linguas de signos, que teñen a mesma entidade que as linguas orais.

Ao describir anatomicamente o aparato bucofonador e o sistema auditivo establecerán a súa biomecánica básica para xustificar varias das patoloxías da linguaxe de causa biolóxica que estudaremos no apartado 3 (disfonía, dislalia orgánica e mesmo xordeira).


### **2.2. O asento cerebral da linguaxe**

Despois dunha breve descrición do funcionamento de todo o sistema nervioso, os estudantes farán fincapé na división anatómica do córtex cerebral e na simetría case perfecta entre o hemisferio esquerdo e o

dereito. A partir de aí, centraranse no hemisferio esquerdo, onde localizarán as dúas áreas da linguaxe (área de Broca e área de Wernicke) e, secundariamente, demostrarán a importancia lingüística das áreas circundantes (rexión perisilviana) e das áreas subcorticais.

### 3. Os trastornos comunicativos

A clasificación dos trastornos comunicativos pode realizarse seguindo múltiples criterios, todos eles xustificables por un determinado interese contrastivo. No noso caso, consideramos conveniente ir do ámbito máis externo da comunicación —a voz (no caso de linguas orais)— ao núcleo da mesma —a linguaxe—, pasando por un ámbito intermedio —a fala— no que só se ve comprometida a compoñente fónica da linguaxe. En esquema:



#### 3.1. Os trastornos da voz

Falaremos moi brevemente das *disfonías* para demostrar a importancia do coidado das cordas vocais e da boa utilización de todo o aparato bucofonador. Os nosos estudantes, na súa maioría futuros profesores, terán que falar *en voz alta* durante moitas horas ao día e precisan das habilidades necesarias para non danar o seu principal instrumento de traballo (a larinxe). Nesta análise seguiremos moi de preto a Rivas Torres & Fiuza Asorey (2002).

#### 3.2. Os trastornos da fala

Entramos aquí na afectación da compoñente fónica da linguaxe, o que quita normalmente limpeza e fluidez ás emisións sonoras. Describiremos, así, de xeito puramente lingüístico, as manifestacións da *disfemia* (falta de ritmo) e as da *dislalia* (falta de precisión na articulación).

Podemos ler máis sobre estes trastornos en Crystal (1981: 210-236) e González Gabanach *et al.* (1998: 255-307).

### **3.3. Os trastornos da linguaxe**

Evidentemente, as principais dificultades comunicativas xorden cando están afectadas varias compoñentes da linguaxe. Neste caso si que pode resultar conveniente facer unha segunda clasificación, entre trastornos exclusivamente infantís (*retrazo da linguaxe* e *trastorno específico no desenvolvemento da linguaxe*) e trastornos adultos (*dislexia*, *afasia* e *xordeira*). Lecturas complementarias: Crystal (1981: 168-209 e 1987: 266-275), Gallardo Paúls (2005: 110-118), Peña Casanova (1988).

## **4. Aplicacións da lingüística en linguaxe, mente e cerebro**

Aínda que xa adiantamos nos apartados previos cómo podemos os lingüistas axudar a resolver certos problemas relacionados coa natureza biolóxica da linguaxe, neste último apartado faremos fincapé nesa vertente aplicada que ten a lingüística e que nos permite facer moitas máis cousas que ensinar linguas.

### **4.1. Didáctica de linguas**

O obxecto deste subapartado é a fundamentación psicolingüística da glosodidáctica, as funcións da mesma e os principais recursos para facilitar a aprendizaxe tanto de primeiras como de segundas linguas. Para un maior afondamento nestas cuestións, recorreremos de novo a Pastor Cesteros (2004).

### **4.2. Lingüística clínica**

Describiremos con detalle cal é o labor do lingüista clínico, para non confundilo co foniatra nin co logopeda. Observaremos os avances da lingüística clínica, sobre todo no ámbito anglosaxón, e defenderemos a súa absoluta necesidade para fornecer aos logopedas de materiais de avaliación e recuperación, imprescindibles para o tratamento diario das persoas con dificultades comunicativas.

Os estudantes interesados nesta cuestión atoparán diversas aproximacións en Fernández Pérez (1999) e Garayzábal (2006).

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Imos describir aquí as actividades que xa adiantabamos ao falar da metodoloxía. Trátase de varias actividades interactivas e dun seminario de aprendizaxe cooperativa. As sesións interactivas normalmente son inmediatamente posteriores á exposición do tema teórico, pero nalgúns casos son previas ao mesmo e incluso pode haber unha certa distancia temporal entre o tratamento teórico dun tema e a práctica correspondente. Verémolo a continuación.

### **1. Comentario de textos**

A primeira sesión interactiva da unidade cumpre tres funcións:

- avaliación inicial;
- práctica de contidos vistos na primeira sesión expositiva;
- achegamento indutivo aos contidos das expositivas 2 e 3.

Os textos cos que imos traballar ao longo de 90' tratan a adquisición da lingua materna desde distintos enfoques, a aprendizaxe de segundas linguas e as caracterización do individuo plurilingüe (cf. Anexo I, p.19).

O único contido traballado na sesión expositiva previa é a adquisición da primeira lingua; os textos relacionados con esta cuestión servirán para identificar nas argumentacións de diferentes autores as tres teorías explicativas estudadas teoricamente nesa mesma semana.

Os demais textos farán referencia a cuestións que serán analizadas polo miúdo na segunda semana. Porén, os estudantes, experimentadores activos da aprendizaxe de segundas linguas e do plurilingüismo, poderán chegar a análises e conclusións que nos servirán como introdución aos apartados 1.2 e 1.3.

Ao mesmo tempo, o comentario desta ampla selección de textos servirá para realizar unha avaliación inicial do interese do alumnado pola psicolingüística e dos coñecementos previos obtidos en cursos anteriores (fundamentalmente en Lingüística I). Por esta razón, ademais de observar as intervencións orais do alumnado na aula, solicitaremos a entrega dun comentario por escrito no prazo dunha semana.

### **2. Traballo cooperativo**

O seminario de aprendizaxe cooperativa ocupará as sesións interactivas das semanas 11 e 12 (cf. Táboa 2, p. 9). Dedicaremos tres horas presenciais ao desenvolvemento do apdo. 2 (Fundamentos biolóxicos da linguaxe) ao mesmo tempo que traballaremos intensivamente varias competencias transversais, a saber: o traballo en equipo cooperativo, a elaboración de presentacións de diapositivas e a comunicación oral.

Formaremos grupos-puzzle de cinco persoas. Antes de coñecer os temas de traballo, esas cinco persoas terán que autonumerarse. A continuación, desfaremos os grupos-puzzle e crearemos cinco grupos de expertos xuntando aos estudantes en función do número que elixiron. Nese momento coñecerán o tema que teñen que preparar:

- grupo 1: aparato bucofonador I: mecanismos subglóticos;
- grupo 2: aparato bucofonador II: a larinxe;
- grupo 3: aparato bucofonador III: mecanismos supraglóticos;
- grupo 4: sistema auditivo;
- grupo 5: asento cerebral da linguaxe.

Cada grupo de expertos deberá preparar unha presentación de diapositivas (con pouco texto e moitas imaxes) para ser exposta oralmente por cada un dos seus membros dentro do seu grupo-puzzle inicial.

Terá que haber, como mínimo, un ordenador por grupo, non só para preparar a presentación senón tamén para buscar información en Internet. Ademais, os estudantes terán á súa disposición fotocopias de páxinas concretas dos seguintes traballos: Bhatnagar (2008), Llisterri Boix (1996), Love & Webb (1986) e Peña Casanova (1988). Contarán tamén coa axuda da profesora para resolver todas as dúbidas que vaian xurdindo.

Ao remate da primeira sesión de aprendizaxe cooperativa deberá estar rematada a presentación de diapositivas. Se non é así, o grupo terá que reunirse fóra das horas lectivas para rematar o traballo.

A segunda sesión estará dedicada ás exposicións; para iso, os estudantes volverán aos seus respectivos grupos-puzzle iniciais e explicarán a materia da que son expertos dentro dese pequeno grupo de cinco persoas. Mentres tanto, a profesora irase movendo polos distintos grupos para escoitar parcialmente a exposición de todo o alumnado.

Nesta tarefa serán avaliadas tanto as presentacións escritas como as exposicións orais. Os estudantes, pola súa parte, terán que reflexionar sobre as vantaxes e os inconvenientes do traballo cooperativo e farán propostas para a súa mellora futura.

### **3. Comentario de vídeos**

Durante a semana 13, cando na sesión expositiva xa empezamos a falar dos trastornos comunicativos, na interactiva volvemos a traballar o tema da adquisición da linguaxe e o sustento biolóxico da mesma. Para iso, utilizaremos dous vídeos acompañados de cadanseu cuestionario:

- *El mundo en pañales. El poder de la palabra* (Klein & Hickm 1995: 30 min.);
- *El sistema nervioso* (Encyclopaedia Britannica 1985: 17 min.).

O primeiro deles mostra o proceso de adquisición da linguaxe desde o nacemento ata os seis anos; serviranos para recoñecer os diferentes estadios evolutivos establecidos nas sesións expositivas.

O segundo ten como finalidade complementar o seminario de aprendizaxe cooperativa: os contidos estudados sobre o asento cerebral da linguaxe necesitan dunha contextualización algo máis ampla que explique o funcionamento coordinado de todo o sistema nervioso central e os procesos electroquímicos de comunicación interneuronal que dan como resultado as funcións superiores da mente humana, entre elas a linguaxe.

Os cuestionarios que presentamos no Anexo II (p. 20) dan mostra dos aspectos nos que faremos fincapé durante esta sesión interactiva.

#### **4. Transcrición e análise de mostras de fala infantil**

Na quinta sesión interactiva (semana 14) analizaremos varias transcricións de fala infantil procedentes do *Corpus Koiné* ao que pertencemos (cf. Grupo Koiné 2006). Nelas observaremos as características básicas de cada estadio de adquisición e compararemos coa idade dos nenos estudados. Ao analizar as transcricións, observaremos os signos básicos da transcrición do sistema Childes (cf. MacWhinney 1991).

A partir da experiencia da aula, proporemos un pequeno traballo de gravación e transcrición de fala infantil para realizar fóra das horas lectivas. Recorrendo aos grupos de expertos (de cinco persoas) que mantemos desde seminario de aprendizaxe cooperativa I, cada grupo gravará 5 minutos de interacción natural con nenos de 2 a 4 anos. Se non poden realizar a gravación, utilizarán algún vídeo de Internet.

Unha vez feita a gravación, deberán transcribir o fragmento segundo o sistema Childes (transcribir 5 minutos ocupa unha hora de traballo como mínimo) e logo realizarán a súa análise lingüística, tal e como fixemos na sesión interactiva.

O traballo será enviado durante a semana 15 ao apartado *Actividades* do módulo de contidos da aula virtual para ser corrixido coa ferramenta de control de cambios e devolto por correo electrónico aos estudantes.

#### **5. Análise de trastornos comunicativos**

Debido ao noso interese investigador, centrado na patoloxía da linguaxe, contamos con mostras de diferentes patoloxías da linguaxe nas que se preserva o anonimato das persoas. Esas mostras, transcritas ou audiovisuais, serán analizadas na interactiva da semana 15, xusto despois de rematar a exposición teórica do tema 3.

No Anexo III (p. 21) presentamos algúns exemplos de transcricións susceptibles de ser analizadas polos nosos estudantes.

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

Os tres grandes fitos no desenvolvementos desta unidade didáctica terán a súa avaliación correspondente: inicial, procesual e final.

### **1. Avaliación inicial**

A avaliación inicial realizarase durante a primeira sesión interactiva, tal e como se expuxo na p. 14.

Os instrumentos de avaliación son os comentarios de texto realizados na primeira sesión interactiva. Despois da lectura e comentario oral das ideas principais reflectidas nos textos, todos os estudantes terán que plasmar por escrito un comentario completo e exhaustivo do texto que eles elixan. Ese comentario poderán rematalo fóra das horas lectivas e subilo á aula virtual —ao apartado *Actividades* do módulo de contidos— para que poida ser corrixido pola profesora.

Falamos, neste caso, de avaliación inicial porque esta sesión de comentarios de texto é un indicador perfecto das habilidades de análise e síntese coas que contamos como punto de partida para enfrontarnos ao tema biolóxico. A partir dos datos que aquí obteñamos, poderemos reforzar algúns procedementos e corrixir certos erros comúns.

### **2. Avaliación procesual**

As seguintes sesións interactivas implican todas elas a entrega ou a exposición oral dalgún tipo de traballo, de xeito que a avaliación procesual tamén está garantida.

Os resultados destas probas pasarán a formar parte do conxunto de puntuacións procedentes de traballos propostos nas sesións interactivas ao longo de todo o semestre. A suma de todas estas probas parciais terá un valor do 40%, tal e como se indica na guía da materia (cf. Codesido García *et al.* 2011: 12). O propio comentario de texto descrito na avaliación inicial será un traballo máis dentro desta avaliación procesual. Na seguinte táboa presentamos todas as probas parciais que se foron describindo ao longo das páxinas 14-16 e que están vinculadas ás sesións interactivas da unidade:

**Táboa 3. Actividades da avaliación procesual**

SEMANAS	SESIÓNS INTERACTIVAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
SEMANA 10	Comentario de textos sobre adquisición, aprendizaxe e plurilingüismo	Comentario de texto individual
SEMANA 11	Traballo cooperativo I sobre os fundamentos biolóxicos da linguaxe (grupos de expertos)	Presentación con diapositivas
SEMANA 12	Traballo cooperativo II sobre os fundamentos biolóxicos da linguaxe (grupos puzzle)	Exposición oral
SEMANA 13	Comentario de dous vídeos (adquisición da linguaxe e sistema nervioso)	Dous cuestionarios
SEMANA 14	Transcrición e análise de mostras reais de fala infantil	Traballo en equipo: transcrición e análise de 5 min. de fala infantil
SEMANA 15	Descrición e análise —a partir de casos reais— de trastornos comunicativos	Intervencións orais na aula

### 3. Avaliación final

E, finalmente, o exame da materia, que se celebrará na data oficial fixada pola Secretaría da Facultade de Humanidades, contará con preguntas teórico-prácticas relativas a esta unidade. Este exame pretende valorar conceptos, métodos e ferramentas aprendidos ao longo de todo o curso, de aí que as preguntas relativas ao tema 3 teñan todas ela un carácter teórico-práctico. Este exame final ten un valor do 60% (cf. Codesido García *et al.* 2011: 12).

## ANEXOS

---

### Anexo I. Textos para comentar

Presentamos a continuación unha selección de textos sobre adquisición da linguaxe, aprendizaxe de linguas e plurilingüismo que serán utilizados na primeira sesión interactiva.

#### Texto 1. Adquisición da linguaxe

Se ha considerado durante mucho tiempo la adquisición del lenguaje como un proceso de imitación y reforzamiento. Según una opinión popular, los niños aprenden a hablar copiando las emisiones que oyen en torno suyo y fortaleciendo sus respuestas con las repeticiones, correcciones y otras reacciones de los adultos. En los últimos años se ha apreciado con claridad que este principio no explicará todos los hechos del desarrollo del lenguaje. Los niños realizan muchas imitaciones, en especial al aprender los sonidos y el vocabulario, pero sólo es posible explicar de este modo una pequeña parte de su capacidad gramatical.

Las limitaciones de esta concepción del lenguaje basada en la imitación y el reforzamiento condujeron en la década de 1960 a una propuesta alternativa surgida de la teoría generativa. Se propuso que los niños debían nacer con una capacidad innata para desarrollar el lenguaje: el cerebro humano estaría *preparado* para él, en el sentido de que ciertos principios generales de descubrimiento o estructuración del lenguaje comienzan a actuar automáticamente cuando los niños quedan expuestos a su presencia. Esos principios constituyen el *dispositivo de adquisición del lenguaje* (DAL) del niño.

El niño emplea su DAL para comprender las emisiones que oye a su alrededor y deriva hipótesis sobre la gramática del lenguaje —qué es una oración, cómo se construye— a partir de esos *datos lingüísticos primarios*. No obstante, ha resultado difícil formular las propiedades detalladas del DAL sin dar lugar a controversias, en vista de los cambios que la teoría lingüística generativa ha experimentado en los últimos años.

Mientras tanto, ha evolucionado otra explicación del proceso de adquisición, la propuesta cognitiva, que aduce que la adquisición del lenguaje debe concebirse en el contexto del desarrollo intelectual del niño. Las estructuras lingüísticas surgirán únicamente si se dispone de fundamentos cognitivos establecidos. Así, antes de poder emplear estructuras de comparación (por ejemplo, *Este coche es más grande que ése*), los niños deben haber desarrollado la capacidad conceptual para realizar juicios relativos de tamaño (Crystal 1987: 234).

#### Texto 2. Aprendizaxe de linguas

La aparente simplicidad con que el niño adquiere su lengua materna esconde, en realidad, una exposición continuada a mensajes emitidos en condiciones reales y una ejercitación abundante, que ocupa casi por completo su actividad durante varios años. No es de extrañar, entonces, que cualquier intento de adentrarse en una lengua ajena se convierta en un quehacer ingrato y, con frecuencia, doloroso. Lejos del camino iniciado durante los primeros años de vida, el individuo que aprende una nueva lengua adopta una decisión trascendente y asume un proceso de reeducación audio-motriz, ideológica y perceptiva a fin de superar la conformación conceptual que, en su día, le otorgara la lengua materna. De entrada, ha superado la etapa privilegiada que, para el desarrollo de estas habilidades, constituyen los primeros años de vida, tanto en el sentido neuro-biológico —donde puede hablarse de un período crítico para este tipo de aprendizajes—, como en lo que respecta a su disponibilidad de tiempo o esfuerzo. En segundo lugar, sus motivaciones son menos profundas, por cuanto la necesidad perentoria de comunicación con el medio y está cubierta. Por fin, si al adquirir la primera lengua el niño se ampara en la repetición automática y la imitación para llegar al uso creativo, ahora cubrirá el camino inverso, obligado a hacer un esfuerzo voluntario de aprendizaje antes de conseguir el dominio inconsciente de las construcciones gramaticales. Es obvio que tantas dificultades no harán más que alimentar su inhibición (Moure & Palacios 1996: 48-49).

### Texto 3. Bilingüismo

Los estudios clásicos sobre desarrollo del lenguaje en niños bilingües daban por supuesto que durante una primera etapa el niño no distingue entre los dos sistemas, sino que utiliza indiferentemente palabras de uno y otro, de manera que puede hablarse de un sistema único. Así Sanders, al describir la evolución lingüística de sus hijos, cree poder distinguir tres etapas en esta evolución: hasta los dos años las palabras del niño, aunque tomadas de dos lenguas, constituyen un lexicón único. Entre los dos y los tres años se produce un proceso de diferenciación, y a partir de los tres años esta diferenciación entre los dos códigos y los dos sistemas gramaticales está claramente asumida.

Taeschner (1983), de la observación de sus hijas, deduce la misma gradación: durante un tiempo tienen un léxico único constituido por palabras de las dos lenguas, e incluso cuando poseen palabras que son traducción una de otra para ellas tienen significados distintos. Pronto sin embargo empiezan a descubrir que existen palabras distintas para designar un mismo objeto, y a partir de aquí llegan a reconocer la existencia de dos sistemas lingüísticos y por supuesto que todas las palabras de una lengua tienen su equivalente en otra. Aunque para Taeschner se trata de un proceso para el que no se pueden fijar unos límites temporales precisos.

La existencia del período único ha sido discutida con diversos argumentos y sobre todo ha sido negada por lingüistas de clara adscripción generativista, que la consideran incompatible con la interpretación chomskiana de la adquisición del lenguaje por el niño (Siguán 2001: 70-71).

## Anexo II. Cuestionarios sobre os vídeos

Os dous vídeos proxectados na cuarta sesión interactiva irán acompañados polos seguintes cuestionarios que os estudantes deberán contestar ao tempo que visualizan os documentais.

### Questionario 1: *El poder de la palabra* (Klein & Hickm 1995)

1. Pode dicirse que a linguaxe modela a nosa forma de pensar?
2. Por que se di que o neno está máis capacitado que o adulto para adquirir unha lingua?
3. Cantos sons compoñen todas as linguas humanas, aproximadamente?
4. Por que se di que o bebé que acaba de nacer é internacional?
5. Que consegue a nai co seu ton melodioso (fala maternal)?
6. É o balbucido unha forma de comunicación?
7. Que significa a afirmación de que o balbucido é unha técnica preprogramada?
8. Como denominas o recurso comunicativo de Nadia para conseguir o boneco?
9. Que vai por diante no proceso de adquisición: a comprensión ou a produción?
10. Que fenómeno se manifesta na utilización da palabra *plátano* (*lala!* = *banana*) por parte de Ayiki?
11. Por que a outra nena chama *mazá* a varios tipos de froita?
12. En que estadio nos atopamos cando os nenos din palabras inconexas (sobre todo nomes)?
13. Cando o neno chega a dominar unhas 100 palabras comeza a unilas. Como denominamos este novo estadio?
14. Con que finalidade os nenos imitan palabras e frases?
15. «O neno sabe a maioría das regras da súa lingua». En que corrente lingüística nos fai pensar esta afirmación?

## Questionario 2: *El sistema nervioso* (Encyclopaedia Britannica 1985)

1. Cal é o espesor do córtex humano?
2. Por que aparecen circunvolucións no córtex?
3. Cal é a función das neuronas?
4. Que medios utilizan as neuronas para cumprir coa súa función?
5. Como se denomina a fenda que aparece entre neurona e neurona?
6. Cantas neuronas poseemos aproximadamente?
7. Que ocorre no córtex humano durante a súa ontoxénese?
8. Que dous elementos inflúen na elaboración da nosa rede de conexións neuronais?
9. Como se denominan as áreas cerebrais que non teñen asignada ningunha función específica?
10. Que nome reciben as moléculas que pasan de neurona a neurona?

### Anexo III. Mostras de trastornos comunicativos

Na sexta sesión interactiva analizaremos transcripcións que reflicten trastornos comunicativos. Estes poderían ser algúns exemplos:

#### 1. Luis (7 anos). Narra o conto de *Caperuchiña Vermella*

Es... la niña... Caperusita... la mamá dice: a casa abela... corre, corre... lobo... malo... lobo dice ¿dónde vas?... a casa abela... ee... lobo... come abela... a la cama... pum, pum... abe pueta... uh, uh, uh, el lobo come... miam, miam... un... un casador mata lobo y abe...! bien, bien!... sale Caperusita... sale abela... todo... ya.

#### 2. Eugenio (35 años). Describe a lámina *Os Paxariños* (cf. Paradis 1993)

¡Huy mamá!... un pájaro... las crías... ¿eh?... un... ¡huy mamá!... ¿eh?... ¡huy!... crías... un pájaro... un... un... árbol... pero... un señor... quiere coger las crías... ¡huy!... un... ¡huy!... un... ¡huy!... un señor... un señor cayó... del... árbol... ¿eh?... ¿eh?... un señor cayó... las crías... ¿eh?... un... ambulancia... un... una camilla... ambulancia... unos... pajaritos... ¡huy! muertos.

#### 3. Elena (58 anos). Describe a lámina *O roubo das galletas* (cf. Goodglass & Kaplan 2005)

Aquí (señalando con el dedo) un niño corriendo, cogiendo la larta, aquí está cogiendo una gatelitas... se las dando a la niña de abajo... la madre la señora limpando, pero se cae al suelo... los el agua guifo... se niño también se va caer se ha volcao un poco la la sillas, el est-, como se llama... la tanqueta.

## REFERENCIAS

---

- BHATNAGAR, Subhash C. & Orlando J. ANDY (2008): *Neuroscience for the Study of Communicative Disorders*. Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins.
- CODESIDO GARCÍA, Ana Isabel, Milagros FERNÁNDEZ PÉREZ, Francisco GARCÍA GONDAR, Miguel GONZÁLEZ PEREIRA, Víctor M. LONGA, Juan J. LÓPEZ RIVERA, Gabriela PREGO VÁZQUEZ, Montserrat SOUTO GÓMEZ & Luz ZAS VARELA (2011): *Guía docente de Lingüística II*. Santiago de Compostela: Universidade. En [http://www.usc.es/fac\\_filoloxia/arquivos/LINGCA/G5041201\\_LINGUISTICA\\_2.pdf](http://www.usc.es/fac_filoloxia/arquivos/LINGCA/G5041201_LINGUISTICA_2.pdf) [citado 7 xull 2011].
- CRYSTAL, David (1981): *Introduction to Language Pathology*. London: Edward Arnold. Trad. esp. de María Luisa Sánchez Bernardos: *Patología del lenguaje*. Madrid: Cátedra. 1989.
- CRYSTAL, David (1987): *The Cambridge Encyclopedia of Language*. Cambridge: Cambridge University Press. Trad. esp. de Eleanor Leonetti & Tomás del Amo: *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*. Madrid: Taurus. 1994.
- ENCYCLOPAEDIA BRITANNICA (1985): *El sistema nervioso* [vídeo]. Barcelona: Ancora Audiovisual.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, Milagros (1999): *Introducción a la Lingüística*. Barcelona: Ariel.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, Milagros (coord.) (2011): *Lingüística de corpus y adquisición de la lengua*. Madrid: Arco Libros.
- GALLARDO PAÚLS, Beatriz (2005): «El lenguaje y la mente». En Ángel López García & Beatriz Gallardo Paúls (eds.): *Conocimiento y lenguaje*. València: Universitat.
- GARAYZÁBAL, Elena (ed.) (2006): *Lingüística clínica y logopedia*. Madrid: A. Machado Libros.
- GONZÁLEZ GABANACH, Ramón, Lino M. CUEVAS GONZÁLEZ & María Luisa GÓMEZ TAIBO (1998): «Las dislalias». En I. María Baspino Fernández (ed.): *Manual de alteraciones en la audición y el lenguaje*. A Coruña: Universidade da Coruña. 255-307.
- GOODGLASS, Harold, Edith KAPLAN & Barbara BARRESI (2001): *Boston Diagnostic Aphasia Examination Set*. Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins. Trad. esp. de José E. García Albea: *Evaluación de la afasia y de trastornos relacionados*. Madrid: Editorial Médica Panamericana.
- GRUPO KOINÉ (2006): *Corpus del lenguaje infantil del grupo de investigación Koiné*. En <http://chilides.psy.cmu.edu/Romance/Spanish/Koine.zip> [citado: 7 xull 2011].
- KLEIN, Leanne & David HICKM (dirs.) (1995): *El mundo en pañales. El poder de la palabra* [vídeo]. Madrid: Visual Ediciones.
- LLISTERRI BOIX, Joaquim (1996): «Los sonidos del habla». En Carlos Martín Vide (ed.): *Elementos de lingüística*. Barcelona: Octaedro. 67-128.
- LÓPEZ GARCÍA, Ángel (1991): *La psicolingüística*. Madrid: Síntesis.

- LOVE, Russell J. & Wanda G. WEBB (1986): *Neurology for the speech-language pathologist*. Oxford: Butterworth. Trad. esp. de Francisca Martins de Souza et al.: *Neurología para los especialistas del habla y del lenguaje*. Buenos Aires: Editorial Médica Panamericana. 1988.
- MACWHINNEY, Brian (comp.) (1991): *The CHILDES Project: Tools for Analyzing Talk*. Hillsdale N.J.: Lawrence Erlbaum. 2000<sup>3</sup>.
- MOURE, Teresa & Ignacio PALACIOS (1996): «La didáctica de las lenguas extranjeras: lingüística aplicada en el ámbito académico». En Milagros Fernández Pérez (coord.): *Avances en Lingüística Aplicada*. Santiago de Compostela: Universidade. 47-103.
- PARADIS, Michel (1987): *The Assesment of bilingual aphasia*. Hillsdale N.J.: Lawrence Erlbaum. Trad. esp.: *Evaluación de la afasia en los bilingües*. Barcelona: Masson.
- PASTOR CESTEROS, Susana (2004): *Aprendizaje de segundas lenguas: lingüística aplicada a la enseñanza de idiomas*. Alicante: Universidad.
- PEÑA CASANOVA, Jordi (1988): *Manual de logopedia*. Barcelona: Masson.
- RIVAS TORRES, Rosa María & María José FIUZA ASOREY (2002): *La voz y las disfonías funcionales: prevención y tratamiento*. Madrid: Pirámide.
- SIGUÁN, Miquel (2001): *Bilingüismo y lenguas en contacto*. Madrid: Alianza.
- TOMASELLO, Michael (2003): *Constructing a Language. A Usage-Based Theory fo Language Acquisition*. Cambrdige: Harvard University Press.
- VEZ JEREMÍAS, José Manuel (2000): *Fundamentos lingüísticos de la enseñanza de segundas lenguas*. Barcelona: Ariel.

